





ZAS. RUTA DA AUGA

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2021



Distancia: 10 km
Dificultade: baixa



Fervenza de Budían

Unha camiñada por unha ruta ben sinalizada que aproveita os trazados de estradas, pistas e camiños actuais, camiños vellos, recupera tramos abandonados, e non vai máis alá do mínimo imprescindible nos trazados novos, para seguir uns tramos do curso do río Parga, do Sisto ou de Baio, segundo o lugar, e un dos seus regatos afluentes, aos que acompañan as súas ringleiras de árbores de ribeira, entre prados e monte no que mandan os eucaliptos que en zonas se enseñorean por enriba de uces apoucadas, carballos desmedrados e piñeiros vellos, e en outras son as únicas árbores dispostas en ringleiras nun terreo ermo ao pé do que en sitios aparecen residuos do bosque antigo cun mato no que medran acivros, sanguíños e arandeiros. Un percorrido que se pode facer enteiro ou por partes dependendo do noso interese con áreas nas que o que máis destaca é o natural -os ríos, a vexetación de ribeira e as fervenzas- e outras nas que os elementos sociais e etnográficos son os protagonistas -os numerosos muíños, as pontellas e outros elementos construtivos da contorna do río e dos lugares polos que pasamos.



Fervenza de Rabiñoso



PERCORRIDO

A ruta oficial (PR-G-250) comeza e remata na **ponte do Sisto**, ao pé da estrada que vai de Zas a Carballo, e desde aí remonta o río nun tramo con pouca pendente no que se suceden os muíños, por un camiño tradicional, o **Camiño dos Cregos**, á sombra das árbores que o abeiran, ata chegar a unha estrada na que seguindo as indicacións collemos á dereita para deixala un pouco máis alá, na curva, onde imos á esquerda pola pista de terra para facer por ela o tramo máis longo e máis apartado da auga que nos leva ata a parte máis alta do percorrido, a outra estrada, pola que indo á esquerda chegamos á **fervenza e os muíños do Rabiñoso**. Neste traxecto temos á vista zonas de prados, pasamos ao pé de pequenas manchas de carballos, cruzamos a estrada que vai a Parga, e seguimos a subir tendo sempre a un lado os eucaliptos. En Rabiñoso comeza a parte máis espectacular, temos no primeiro lugar as escorregadoiras e as caídas do río, que en menos de 100 m de percorrido ten máis de 20 m de desnivel, e os muíños á súa beira, logo acompañamos ao río no seu andar cara a Parga. Mentres camiñamos descubrimos os restos de outras construcións ligadas ao aproveitamento da forza da auga, e a **fervenza de Parga**, antes de subir ao lugar, no que atopamos construcións ligadas ao traballo agrícola típicas da contorna. Seguimos as indicacións que nos guían, primeiro pola estrada e despois por camiño de monte, ao pé do rego da Fervenza por debaixo de **Budián**. Remontando o rego chegamos aos muíños e despois á **fervenza do Muíño Vello** (este tramo final é irregular e ten bastante desnivel). A ruta segue máis arriba e da un rodeo para pasar por Budián, mais nós volvemos pola beira do río e achegámonos a Budián desde o merendeiro e desde alí retomamos a ruta sinalada pola estrada ata incorporarnos á outra estrada, ir á dereita ata pasar a ponte e coller o desvío polo carreiro que nos leva a outra estrada moi preto do camiño polo que viñemos desde ponte que é polo que temos que volver.

Podemos facer so o traxecto Rabiñoso, Parga, Budián e volta, no que vemos, a vexetación de ribeira os prados e o monte, as tres fervenzas e os tres grupos de muíños que hai ao seu carón, e o lugar de Parga.



Pontella no Sisto



Muíños no Sisto



Camiño dos Cregos pola beira do río de Parga



Fervenza de Rabiñoso no río Parga



Pontella das Laxes



Interior dun muíño



Fervenza de Parga ou do Pozo do Muíño



Pontella en Parga



Río Parga



Hórreo en Parga



Frotas de dentabrú



Fervenza de Budián ou do Muíño Vello, onde o Rego da Fervenza é compartido entre Zas e Coristanco